

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

9900 *Real decreto 897/2009, do 22 de maio, polo que se modifica o Regulamento xeral de recadación da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.*

A aplicación práctica do vixente Regulamento xeral de recadación da Seguranza Social, que foi aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, determina a conveniencia de modificar algúns dos seus preceptos co obxecto de manter unha progresiva e sistemática mellora do procedemento recadatorio no ámbito da Seguranza Social, tanto en relación con aspectos xerais do dito procedemento, relativos á súa finalización en caso de débedas de inferior contía, á tramitación de reclamacións de débeda por derivación de responsabilidade solidaria, á interrupción da prescrición e ás medidas cautelares, como en canto á súa xestión en período voluntario, polo que se refire á imputación orzamentaria nos supostos de reintegros ou devolucións de capitais custo de pensións ou outras prestacións e recargas sobre prestacións como consecuencia de resolucións xudiciais firmes, así como fundamentalmente en canto á súa xestión en vía executiva, en materias tales como o embargo de diñeiro en contas á vista, o embargo de bens mobles e semoventes, a competencia para acordar o alleamento de bens embargados, o anuncio da poxa, o dereito de tanteo a favor da Tesouraría Xeral da Seguranza Social, as custas do procedemento e a cualificación de créditos como incobrables.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 5 e na disposición derradeira sétima da Lei xeral da Seguranza Social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de maio de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Regulamento xeral de recadación da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

O Regulamento xeral de recadación da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 5 do artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«5. En aplicación dos principios de economía e eficacia administrativa, poderase non iniciar o procedemento recadatorio cando o importe dunha débeda sexa inferior á cantidade que determine o ministro de Traballo e Inmigración como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación represente, e se tal circunstancia sobreviñer no curso dos procedementos de constrinximento ou de dedución, poñerase fin a un ou outro nos termos e condicións que aquel estableza.»

Dous. O número 4 do artigo 13 queda redactado da seguinte maneira:

«4. A reclamación de débeda por derivación conterà todos os aspectos exixidos para calquera reclamación de débeda e, ademais, a identificación dos responsables solidarios contra os cales se sigan actuacións, e a expresión dos feitos e fundamentos de dereito en que se funda a responsabilidade. Previamente á súa emisión, dítase acordo de iniciación do expediente, que se notificará ao interesado dándolle trámite de audiencia por un prazo de 15 días a partir do seguinte á notificación do dito

acordo, co fin de que efectúe as alegacións e presente os documentos e xustificantes que considere pertinentes.

O prazo máximo para notificar a reclamación de débeda por derivación será de seis meses, contados desde o día seguinte á data do acordo de iniciación.

A emisión da reclamación de débeda por derivación non requirirá de acordo de iniciación previo nin audiencia ao interesado cando se basee nos mesmos feitos e fundamentos de dereito que motivaron unha reclamación previa de débeda por derivación ao mesmo responsable; en tal caso, farase constar a dita circunstancia na reclamación.»

Tres. A alínea c) do artigo 43.1 queda redactada da seguinte maneira:

«c) Pola interposición de recurso ou impugnación administrativa ou xudicial; en tal caso, iniciarase de novo o cómputo do prazo de prescrición a partir da data en que se dite a resolución ou sentenza firmes que os resolvan. Cando estas declaren a nulidade de pleno dereito do acto impugnado, considerarase non interrompido o prazo de prescrición por esta causa.»

Catro. O número 1 do artigo 54 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Para asegurar o cobramento das débedas coa Seguranza Social e antes do inicio do procedemento de constrinximento, a Tesouraría Xeral da Seguranza Social poderá adoptar medidas cautelares de carácter provisional cando existan indicios racionais de que, noutro caso, o dito cobramento se poida ver frustrado ou gravemente dificultado.»

Cinco. O segundo parágrafo do número 4 do artigo 54 queda redactado da seguinte maneira:

«Cando vencese o prazo regulamentario de ingreso e o responsable do pagamento da débeda coa Seguranza Social tivese presentado documentos de cotización ou se xa se tivese emitido contra el reclamación de débeda ou acta de liquidación elevada a definitiva pola Inspección de Traballo e Seguranza Social, as medidas cautelares poderán ser adoptadas sen máis trámite e practicadas polas unidades de recadación executiva da Seguranza Social.»

Seis. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 71 queda redactado da seguinte maneira:

«Os reintegros ou devolucións a que se refire o parágrafo anterior imputaranse con cargo ao orzamento da Tesouraría Xeral da Seguranza Social.»

Sete. O parágrafo segundo do número 1 do artigo 75 queda redactado da seguinte maneira:

«O importe dos ditos reintegros ou devolucións imputarase con cargo ao orzamento da Tesouraría Xeral da Seguranza Social.»

Oito. O parágrafo primeiro do artigo 96.1.b).3.^a queda redactado da seguinte maneira:

«3.^a Cando como consecuencia de tales actuacións se embargue diñeiro depositado nas contas, notificarase a dilixencia de embargo ao constrinxido conforme as regras xerais establecidas neste regulamento. O importe das cantidades retidas en tal caso será ingresado na conta determinada para o efecto pola Tesouraría Xeral da Seguranza Social unha vez transcorridos 10 días naturais, contados desde o día seguinte á data de embargo, sen que a entidade correspondente recibise

comunicación en contrario por parte do recadador executivo da Seguranza Social.»

Nove. Engádesse un parágrafo segundo ao número 5 do artigo 102 nos seguintes termos:

«O recadador executivo da Seguranza Social, ao tempo de propoñer o alleamento do ben embargado, solicitará do Rexistro de Bens Mobles correspondente que se expida certificación acreditativa das cargas que nel figuren sobre o ben que fose obxecto de anotación preventiva, con expresión detallada daquelas e dos seus titulares, incluíndo na certificación o propietario do ben nese momento e o seu domicilio. A unidade de recadación executiva, se é o caso, practicará as comunicacións a que se refire o artigo 104.3 deste regulamento.»

Dez. O parágrafo segundo do número 6 do artigo 102 queda redactado nos seguintes termos:

«Non obstante, cando as anotacións preventivas ou cancelacións de embargo do dito tipo de bens sexan practicadas por medios telemáticos, o órgano que designe o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguranza Social poderá expedir un único mandamento por cada remisión electrónica de ficheiros en que se ordene a dita anotación ou cancelación, no rexistro correspondente, da totalidade das dilixencias de embargo ou de levantamento ditadas polas diferentes unidades de recadación executiva e incluídas neles.»

Once. O artigo 115 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 115. Competencia para acordar o alleamento.

1. O alleamento e a forma en que se deba practicar decretarase mediante providencia do titular da dirección provincial a que estea adscrita a unidade de recadación executiva competente para a execución forzosa do expediente de constrinximento, por proposta desta última.

2. Non obstante, cando os bens que deban ser alleados se encontren localizados ou depositados nunha demarcación territorial distinta á da dirección provincial en que se tramite o expediente de constrinximento, o director xeral da Tesouraría Xeral da Seguranza Social poderá autorizar, cando as circunstancias así o aconsellen, que o alleamento sexa practicado pola dirección provincial en cuxo ámbito territorial radiquen ou estean depositados os ditos bens.»

Doce. A alínea f) do artigo 117.2 queda redactada da seguinte maneira:

«f) Posibilidade de presentación de ofertas verbais iguais ou superiores ao 75 por cento do tipo de alleamento no acto de realización da poxa, constituíndo no acto un depósito do 30 por cento do dito tipo fixado para a poxa, a non ser que se tivese presentado previamente oferta en sobre pechado co seu correspondente depósito.»

Trece. O artigo 121 queda redactada da seguinte maneira:

«Artigo 121. Dereito de tanteo a favor da Tesouraría Xeral da Seguranza Social.

A dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguranza Social poderá exercer dereito de tanteo con anterioridade á emisión do certificado de adxudicación ou da escritura pública de venda e no prazo máximo de 30 días; neste caso, adxudicarase o ben licitado, e notificaráselles así ao debedor e ao adxudicatario, ao cal se devolverá o depósito que constituíse e, de ser o caso, o resto do prezo satisfeito.»

Catorce. A alínea e) do artigo 127.2 queda redactado da seguinte maneira:

«e) Aquel outros gastos imprescindibles para a execución, logo de autorización da dirección provincial da Tesouraría Xeral da Seguranza Social competente, incluídos os gastos que deriven das publicacións de anuncios de poxas a que se refire o artigo

117.1 deste regulamento, xa sexa en boletíns oficiais, cando non resulten gratuítas conforme a súa normativa específica, ou en medios de comunicación de gran difusión ou publicacións especializadas.»

Quince. O número 1 do artigo 129 queda redactado da seguinte maneira:

«1. Cualificaranse administrativamente como incobrables aqueles créditos que non se puidesen facer efectivos na súa totalidade unha vez esgotado o procedemento de constrinximento seguido contra os bens e dereitos coñecidos e embargables dos suxeitos responsables, mesmo cando non se tivesen adxudicado á propia Tesouraría Xeral da Seguranza Social ou a un terceiro.

Tamén se cualificarán como incobrables os créditos que non se poidan facer efectivos na súa totalidade cando dos únicos bens ou dereitos coñecidos do responsable da débeda só puidesen resultar ingresos posteriores de contía notoriamente insuficiente para a súa cancelación, sen prexuízo das rehabilitacións sucesivas que procedan para os efectos da aplicación de tales ingresos ao pagamento da débeda.

Non procederá a cualificación dun crédito como incobrable mentres o suxeito responsable do pagamento da débeda exerza unha actividade que determine a inclusión e alta de traballadores no campo de aplicación de calquera dos réximes do sistema da Seguranza Social.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do título competencial previsto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de maio de 2009.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Trabajo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES